

## **O Festival de Cine Inclusivo de Vigo abre o seu prazo de recepción de curtametraxes e documentais ata o 2 de xuño**

A IV edición, organizada pola asociación AGAIN, celebrarase do 23 ao 26 de outubro

A Asociación Galega Audiovisual Inclusiva (AGAIN) organiza o IV Festival Internacional de Cine Inclusivo de Vigo, co obxectivo de dar a coñecer, apoiar e valorar proxectos cinematográficos realizados por e para a inclusión, a igualdade e a difusión universal da sétima arte. Ábrese o prazo de admisión de curtametraxes e documentais desde o 2 de abril ao 2 de xuño de 2019.

A temática das curtametraxes é totalmente libre, podendo ser tanto de ficción como de non-ficción. No caso dos documentais a temática xirará en torno á inclusión co obxectivo de visibilizar todos aqueles proxectos que toquen de maneira substancial a diversidade funcional, sexual, xeracional, económica ou cultural e o que a rodea.

A duración máxima das obras presentadas será de 25 minutos no caso das curtametraxes e de 120 minutos cando se trate de documentais (títulos de crédito incluídos en ámbolos dous casos). A inscrición é de balde. As obras que se presentan serán realizadas e/ou estreadas preferiblemente con posterioridade ao 1 de xaneiro de 2018.

Quedarán excluídas as obras que atenten contra a dignidade das persoas e/ou que vulneren os valores e os dereitos recoñecidos na Declaración Universal de Dereitos Humanos e na Constitución Española.

As bases pódense consultar na web e o facebook (FestivalCineInclusivo).

As obras inscribíranse enviando en formato dixital a través do correo electrónico AO ENDEREZO [viiff.filmfestival@gmail.com](mailto:viiff.filmfestival@gmail.com)